



BASES DO I CONCURSO DE DECORACIÓN NAVIDEÑA DO CONCELLO DE CARBALLEDO 2022.

As bases polas que se rexerá o I Concurso de decoración navideña organizado polo Concello Carballedo-2022 son as seguintes:

PRIMEIRA: OBXECTO

A través da presente convocatoria o Concello de Carballedo convoca o I Concurso de Decoración Navideña dirixido a particulares e locais comerciais do Concello de Carballedo cos seguintes fins:

- Dinamizar a participación activa de tódolos cidadáns de Carballedo.
- Colaborar na difusión do ambiente navideño decorativo baseado en valores como o traballo en común, a cooperación e a fraternidade. Así como o uso de elementos decorativos que aporten ao municipio un entorno navideño acolledor e ilusionante.

O gasto total desta actividade é de 325,00 euros, con cargo á aplicación presupostaria 334.22609 do Presuposto do Concello para o ano 2022.

Esta convocatoria rexerá polas presentes bases que estarán a disposición dos interesados no Concello de Carballedo e na páxina web:

<http://www.concellocarballedo.es>

SEGUNDA: PARTICIPANTES

Poderán participar tódolos/as veciños/as do concello de Carballedo que se mostren interesados en participar e acepten estas bases:

- a) poderán participar neste concurso, tanto particulares como locais comerciais.
- b) poderán participar todas aquelas persoas que realicen a súa montaxe dentro do término municipal de Carballedo, no exterior de: edificios ou vivendas particulares (fachadas, balcóns, terrazas, portas, ventás), locais comerciais, garaxes, almacéns, hórreos, xardíns exteriores ou similares.

As persoas participantes ceden o dereito de imaxe da súa decoración ao Concello de Carballedo.

TERCEIRA: DECORACIÓN

Os espazos nos que se realizará a decoración será no exterior de:

- edificios ou vivendas particulares (fachadas, balcóns, terrazas, portas, ventás).
- locais comerciais.
- garaxes.
- almacéns.
- hórreos.
- xardíns exteriores ou similares.

A decoración terá que ter relación coas festividades de Nadal, tendo os/as participantes total liberdade en canto a estilo, técnica e materiais empregados.



CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52
E-mail: info@concellocarballedo.es

Para a decoración navideña poderanse empregar todo tipo de materiais que os/as participantes estimen oportunos, naturais ou non naturais, e tamén poderán empregar elementos de decoración iluminativos.

CUARTA: INSCRIPCIÓN

A inscrición no concurso será do seguinte xeito:

- a) as persoas interesadas en participar deberán realizar unha fotografía da decoración feita.
- b) a fotografía debe ser unha instantánea de noite e de calidade aceptable.
- c) as fotografías deberán ser remitidas por correo electrónico a seguinte dirección web municipal info@concellocarballedo.es poñendo os seguintes datos:
 - en asunto do correo: I CONCURSO DE DECORACIÓN NAVIDEÑA DO CONCELLO DE CARBALLEDO 2022.
 - no corpo do correo: nome e apelidos do remitente, nº de teléfono e pobo ou lugar de Carballedo onde se realizou a fotografía.
- d) só se permite o envío dunha única fotografía por participante.
- e) o prazo de envío das fotografías para a súa participación é dende o 25 de novembro ao 26 de decembro de 2022.

QUINTA: RESOLUCIÓN DO CONCURSO

Con posterioridade ao remate do prazo de envío das fotografías, ábrese o prazo para a votación das instantáneas inscritas a través do enderezo de Facebook do Concello de Carballedo <https://www.facebook.com/search/top?q=concello%20de%20carballedo>

O día 28 de decembro subiranse a Facebook tódalas fotografías participantes e na orde cronolóxica na que foron recibidas, para que poidan recibir os votos.

O prazo de votación estará aberto dende o mércores 28 de decembro ata o domingo 8 de xaneiro de 2023.

A fotografía gañadora será a que teña máis valoracións positivas.

SEXTA: PREMIOS

Habrá 3 premios de lotes de produtos alimenticios:

- 1º PREMIO: LOTE DE PRODUCTOS POR VALOR DE 150,00€.
- 2º PREMIO: LOTE DE PRODUCTOS POR VALOR DE 100,00€.
- 3º PREMIO: LOTE DE PRODUCTOS POR VALOR DE 75,00€.

SÉTIMA: RECURSOS

A resolución de concesión dos premios esgota a vía administrativa e contra ela cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, e poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.